



CURSO 2022-23

LUGAR E PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



www.edu.xunta.gal/fp/fpdual-convocatoria-2022

**Do 23 xuño ás 9:00
ao 5 xullo ás 13:00**



CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL
VALENTIN PAZ ANDRADE



Centros Integrados Formación Profesional



CM Instalación de producción de calor

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en montar e manter instalacións caloríficas, solares térmicas e de fluídos aplicando a normativa e protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais establecidos, asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo ambiente.

Que ocupacións se desempeñan?

Instalador/ora mantedor/ora de equipamentos de produción de calor; instalador/ora mantedor/ora de instalacións de calefacción e AQS; instalador/ora mantedor/ora de instalacións solares térmicas; instalador/ora mantedor/ora de instalacións de auga; instalador/ora mantedor/ora de instalacións de gas e combustibles líquidos.

CM Soldadura e Caldeiraría

Que se aprende a facer?

Executar os procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de caldeiraría, canalizacións, estruturas metálicas e carpintería metálica aplicando as técnicas de soldadura, de mecanizado e de conformación, e cumprindo as especificacións de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Soldador/ora e oxicortador/ora. Operador/ora de proxección térmica. Chapista e caldeireiro/eira. Montador/ora de estruturas metálicas. Carpinteiro/eira metálico/a. Tubeiro/eira industrial de industria pesada.

CM Carpintería e moble

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en fabricar elementos de carpintería e mobles, realizando os procesos de mecanizado, montaxe, acabamento, almacenamento e expedición de produtos, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Operador/ora de máquinas fixas para fabricar produtos de madeira; operador/ora de prensas; operador/ora armador/ora en banco; montador/ora ensamblador/ora de elementos de carpintería; vernizador/ora lacador/ora; responsable de sección de acabamentos.

CM Comercialización de produtos alimentarios

Que se aprende a facer?

Desenvolver actividades comerciais en establecementos alimentarios físicos e en liña relacionadas coa planificación comercial, a xestión da loxística de almacenaxe, a distribución e a reposición de produtos alimentarios, e a supervisión das seccións de venda de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, e de atención comercial a clientela e provedores, seguindo criterios de calidade e actuando segundo a normativa de prevención de riscos, seguridade alimentaria e protección do/da consumidor/a.

Que ocupacións se desempeñan?

Responsable encargado/a de establecemento alimentario; de sección, sala ou departamento de tenda de alimentación; xestor/a de pequeno comercio alimentario; responsable encargado/a de comercios alimentarios en liña; asesor/a comercial de produtos alimentarios; vendedor/a de produtos alimentarios.

CS Xestión de Vendas e Espazos Comerciais

Que se aprende a facer?

Xestionar as operacións comerciais de compravenda e distribución de produtos e servizos, e organizar a implantación e a animación de espazos comerciais, segundo criterios de calidade, seguridade e prevención de riscos, aplicando a normativa.

Que ocupacións se desempeñan?

Xefe/a de vendas; representante comercial; axente comercial; encargado/a de tenda; encargado/a de sección dun comercio; vendedor/ora técnico/a; coordinador/ora de comerciais; supervisor/ora de telemarketing; merchandiser; escaparatista comercial; deseñador/ora de espazos comerciais; responsable de promocións no punto de venda; especialista en implantación de espazos comerciais.



CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL
MANUEL ANTONIO



Centros Integrados Formación Profesional



CM Elaboración de produtos alimentarios

Que se aprende a facer?

A competencia xeral deste título consiste en elaborar e envasar produtos alimentarios de acordo cos plans de produción e calidade, así como efectuar o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

Que ocupacións se desempeñan?

Elaborador/ora de produtos alimentarios; operador/ora de máquinas e equipamentos para o tratamento e a elaboración de produtos alimentarios; operador/ora e controlador/ora de liñas de envasamento e embalaxe; recepcionista e almaceiro/a; subministrador/ora de materias primas e materiais ás liñas de produción; dosificador/ora; supervisor/ora de liña.


CS Fabricación de produtos farmacéuticos biotecnolóxicos e afíns

Que se aprende a facer?

Xestionar e participar nas operacións de fabricación, acondicionamento, almacenamento de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns, organizando o funcionamento, a posta en marcha e a parada das instalacións e dos equipamentos, segundo os procedementos normalizados de traballo e cumprindo as normas de seguridade, de prevención de riscos e de protección ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Encargado/a de persoal operador de máquinas para fabricar e acondicionar produtos químicos. Supervisor/ora de área de produción. Supervisor/ora de área de acondicionamento. Supervisor/ora de área de planificación. Coordinador/ora de área. Xefe/a de equipo de reactor/biorreactor. Técnico/a de control. Coordinador/ora de almacén. Encargado/a de fabricación. Xefa de equipo de procesos de extracción e purificación de produtos biotecnolóxicos. Xefa de equipo de sala branca en biotecnología. Supervisor/ora de área de procesos e servizo biotecnolóxico. Supervisor/ora de seguridade en procesos biotecnolóxicos.



IES POLITECNICO de VIGO



CM Mantemento electromecánico

Que se aprende a facer?

Montar e manter maquinaria e equipamento industrial e liñas automatizadas de produción, de acordo coas normas e os regulamentos establecidos, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais e respecto polo ambiente.

Que ocupacións se desempeñan?

Mecánico/a de mantemento; montador/ora industrial; montador/ora de equipamentos eléctricos; montador/ora de equipamentos electrónicos; mantedor/ora de liña automatizada; montador/ora de bens de equipamento; montador/ora de automatismos pneumáticos e hidráulicos; instalador/ora electricista industrial; electricista de mantemento e reparación de equipamentos de control, medida e precisión.



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
RICARDO MELLA



CM Coidados Auxiliares de Enfermaría

Que se aprende a facer?

Proporcionar coidados auxiliares ao paciente ou cliente e actuar sobre as condicións sanitarias do seu contorno como membro dun equipo de enfermaría nos centros sanitarios de atención especializada e de atención primaria, baixo a dependencia do diplomado de enfermaría e, de ser o caso, como membro dun equipo de saúde na asistencia sanitaria derivada da práctica do exercicio liberal, baixo a supervisión correspondente.

Que ocupacións se desempeñan?

Auxiliar de enfermaría ou clínica, de balnearios, de atención primaria e coidados de enfermería a domicilio; auxiliar bucodental, xeriátrico, pediátrico, de esterilización, de unidades especiais e de saúde mental.